



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 5/2021, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 27 DE MAIO DE 2021 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

Non asiste:

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 22:06

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 27 de maio de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 24 de maio de 2021 e, tendo en conta o acordó plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen en sesión 4/2021, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 4/2021, ordinaria, do 25 de marzo de 2021)
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de Aprobación da modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.
- 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno Aprobación inicial Orzamento do Concello de Carral para o exercicio 2021
- 4.-Proposta da Alcaldía ao Pleno Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de Convenio de Colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABEL Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1,2 e conexión Carral.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.-Rogos e preguntas.

Parte resolutiva da sesión

1.-Aprobación da actas da sesión 4/2021, ordinaria, do 25 de marzo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 4/2021, ordinarias, do 25 de marzo de 2021.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta.

2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de Aprobación da modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de maio de 2021, como segue:

"PROPOSTA DA PRESIDENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL

Asunto: Aprobación da modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.

Logo de ver que o artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que "Las Administraciones Públicas estructuraron su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos."



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver que, por outra banda, o artigo 126.4 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRRL en adiante) establece que "Las relaciones de los puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril.

Logo de ver que o devandito artigo 90.2 da Lei 7/1985 establece que" 2. Las Corporaciones locales formaran la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente para lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores."

Tendo en canto o establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é polo que se fai preciso a modificación da relación de postos de traballo.

Logo de elaborarse, a proposta de modificación da relación destes postos de traballo, de data 14 de maio de 2021, coa correspondente valoración deles.

Logo de ver que a proposta se someteu a reunión da mesa xeral de negociación do Concello realizada a 18 de maio de 2021, e que no devandita reunión se indicou que esta modificación e sen prexuízo doutras funcionarizacións que poidan proceder e tendo en conta posibles modificacións a futuro que afecten ao persoal laboral do Concello

Con data 19 de maio de 2021, a Interventora do Concello de Carral emite informe como segue:

"INFORME DE INTERVENCIÓN ASUNTO:

Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De acordo co establecido no artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares.

A relación de Postos de Traballo defínese como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación de persoal, debe reflectir as necesidades dos servizos, detallando os requisitos específicos de cada posto de traballo.

A Relación de Postos de Traballo debe ser obxecto de negociación, de acordo co disposto no artigo 37.m) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

SEGUNDO. A lexislación aplicable é a seguinte:

O artigo 90.1 da lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

O artigo 126.4, 127 e 129.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Os artigos 69 a 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do emprego Público.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TERCEIRO. O procedemento de modificación da Relación de Postos de Traballo é o seguinte:

- A. Polo Servizo Municipal correspondente redactouse o proxecto de modificación da Relación de Postos de Traballo.
- B. En base a devandita información pola Alcaldía formulouse providencia de 14 de maio de 2021 para a modificación da Relación de Postos de Traballo para a súa tramitación.
- C. Dita proposta foi obxecto de negociación colectiva o 18 de maio de 2021, citando aos representantes de traballadores e do Concello para que adoptasen un acordo respecto diso, resultando favorable o voto favorable do CSIF e a abstención da UGT. Conforme ao artigo 37.1 b), c) e m) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, deducimos que a negociación colectiva é un trámite de obrigado cumprimento cando se elabore ou modifique una Relación de Postos de Traballo.
- D. A modificación da Relación de Postos de Traballo deberá ser informada por Intervención e pola secretaría municipal.
- E. Previo Ditame da Comisión Informativa correspondente, compete ao Pleno a aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo, por maioría simple.
- F. Expoñer ao público a devandita modificación da RPT, durante o prazo de quince días hábiles (que se contará dende o seguinte ao público do correspondente anuncio no Boletín Oficial de A Coruña), durante os caís as persoas interesada poderán examinalas e presentar reclamacións perante o Pleno do Concello. A RPT considerárase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolverlas.
- G. Una vez aprobada a modificación da Relación de Postos de Traballo, no prazo de trinta días, remitirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da Comunidade Autónoma respectiva e publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia así como na sede electrónica do Concello.

CUARTO. Visto o documento que recolle a Relación de Postos de Traballo elaborada polos servizos técnicos do Concello, esta intervención comprobou que o citado documento, contén todos e cada un dos postos de traballo de persoal funcionario e persoal laboral fixo do Concello, diferenciando entre persoal funcionario ou laboral, e contempla as formas de provisión, previstas legalmente, para cada un deles.

A proposta de modificación da relación de Postos de Traballo supón a actualización das retribucións de tódolos postos dos funcionarios e laboral fixo e una serie de modificacións que, incorporándose dentro das previsións do artigo 18.7 da LPE que sinala "Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo", estas axústanse aos criterios de valoración das retribucións complementarias que se incorporan como parte integrante da RPT en vigor, sendo as seguintes:

Área Secretaría

- Auxiliar administrativo de estatística e secretaría
- 2 auxiliares administrativos (funcionarizacións)

Área económica

- Administrativo

Área administración xeral

- Auxiliar administrativos
- Auxiliar técnico de obras (funcionarización)
- Dous conserxes (unha funcionarización)

Área acción social

- Traballadora social(funcionarización)

Área seguridade cidadá

- Xefe de Policía local
- Dous Policías

En relación á funcionarización dos postos de laboral fixo, débese ter en conta que as funcións establecidas para os mesmos deben ser cubertas por funcionarios públicos, nos que son relevantes as notas de obxectividade, imparcialidade e independencia; así o recolle e o establece o artigo 169.1.d) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o artigo 92 da Ley 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local introducido, na súa actual redacción, dada polo número 21 do artigo 1º da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

En calquera caso, non procede, por esta Intervención Municipal, entrar a valorar ás funcións encomendadas nin ás valoracións dos distintos postos de traballo existentes e dos que se pretenden modificar, solamente corresponde a esta Intervención comprobar, como así se fai de feito, que éstes axústanse aos criterios establecidos no sistema de valoración recollido na Relación de Postos de Traballo en vigor.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Así as cousas, podemos concluir que a relación de Postos de Traballo por tanto reúne os requisitos formais obxectivos previstos pola lexislación vixente.

QUINTO.- Hai que sinalar que sería necesario abordar a creación dun posto de traballo de Tesouraría, reservado a funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional, se ben , xa se está a tramitar a dotación de tal posto de maneira compartida cos concellos de Abegondo e Bergondo por considerarse suficiente a cobertura deste xeito.

SEXTO. Así as cousas e en vista da documentación que obra no expediente, esta intervención comprobou que a tramitación do mesmo reúne todas as previsións que a normativa establece e que se supedita de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente, FAVORABLE.

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.

A Interventora,
Noemí González Mato"

En vista do establecido no artigo 22,2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previo o preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) deste Concello segundo o proxecto, que obra no expediente, asinado dixitalmente pola alcaldía en data 14 de maio de 2021.

2ª.- Expoñer ao público a devandita modificación da RPT, durante o prazo de quince días hábiles (que se contará dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións perante o Pleno do Concello. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3ª.- Logo de aprobarse definitivamente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña unicamente a modificación da relación de postos de traballo e remitirase unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose"

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

O Sr. Alcalde concede a palabra á señora concelleira de Persoal, a Sra. Guimarey, que comeza expoñendo que o que se trae ao pleno é unha modificación das fichas da RPT adaptando os postos ás necesidades que existen agora no Concello e que non estaban cubertas debidamente. Propúxose a modificación dalgunhas fichas e nalgúns casos a revisión salarial que se derivaba disto. Tamén, sigue indicando a Sra. Guimarey,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

están recollidas as funcionarizacións de todos aqueles postos que son susceptibles de funcionarizar e aclara a sí mesmo que o orzamento xa se dotou pra isto. Manifesta que os postos que non están contemplados na RPT serán estudados e revisados posteriormente.

Por outra banda, a Sra. Guimarey da conta da nova incorporación de dous policía municipais que tomarán posesión o día 31 de maio do presente ano e estarán en prácticas durante 6 meses e posteriormente se reincorporarán aos seus postos de policía local neste Concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra para preguntarlle aos portavoces dos grupos municipais si queren intervir, dando paso á Sra. Duarte .

A Sra. Duarte pregunta cales son os postos que se van a funcionarizar, quere nomes e apelidos. Pregunta se se fixo algo cos dous postos de funcionarización que se crearon na época do Partido Popular. Continua dicindo a señora Duarte que ela non se opoñerá nin votará en contra da RPT, aínda que sí lle parece unha falla de respecto que haxa subidas salariais para algún persoal do Concello mentres hai xente que morre sin que se lle atenda no Concello. Recalca que de todas formas non votará en contra.

Finalizada a intervención da Sra. Duarte o Sr. Alcalde da paso a o portavoz do Grupo Municipal PSDG-PSOE.

O Sr. Couto López manifesta que é necesario a regularización e modificación da RPT, as subas e incluso as funcionarizacións de todo o persoal público pero cre que nestes momentos de pandemia non é necesario e vendo a situación económica, política e en xeral o mal que o está a pasar a xente, opina o Sr. Couto que sería mellor esperar. Resalta que o equipo ao que representa non estivo implicado en dita modificación e que vería mellora aprobar os orzamentos que considera mais importantes, xa que hai partidas moi importantes para os sectores mais afectados pola pandemia, partidas que van crear emprego. O Sr. Couto López quere deixar claro que o seu grupo non participou en nada da RPT. Parécelle tarde para a estas alturas, a finais de maio, estar aprobando os orzamentos e a modificación da RPT.

Finalizada a intervención do Sr. Couto o Sr. Alcalde da paso ao portavoz do Grupo Municipal Partido Popular.

O Sr. Fernández Mouriño manifesta que non son 20.000 € mais no orzamento, senón un 45% para o persoal comparado co ano pasado son 140,000 € mais e ahí van incluídos os dous policía novos e outra persoa contratada para servizos sociais. Polo tanto, continúa dicindo o Sr. Mouriño, o que sube o persoal da administración é un 7,2% orzamento para o persoal.

Continúa falando o Sr. Fernández Mouriño manifestando a súa abstención en canto á RPT, xa que viron que os sindicatos que participaron na mesa de negociación de persoal, un votou a favor e o outro abstívose, e indica que si os sindicatos están dacordo con isto non vai ser el quen se poña en contra pero non ve normal as subidas xa que durante anos non se puído contratar a mais xente. Considera que o persoal debe estar ben pagado co fin de atender a máis xente e mellor, pero non entende que haxa persoal que se lle subiu o salario e non se lle aumentaron as funcións, indica que seguen facendo o mesmo que facían os anos anteriores. A continuación, pregunta o Sr. Fernandez Mouriño ¿porqué os técnicos non cobran todos igual?, e por qué non se fai un bo labor de funcionarizar, manifesta que agora sí se pode facer, e concreta que habería que chegar a unha conclusión mais seria. Indica o Sr. Fernandez Mouriño que levan 5 meses para aprobar o orzamento e que lle sorprende que o sindicato esté a favor da RPT. Considera que non está ben feita e ve claro que se gasta un 7,2 % máis do ano pasado a este en persoal (140.000 €). Indica o Sr. Mouriño que isto supón un 45 % do orzamento do ano 2021.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Resposta a Sra. Guimarey á Sra. Duarte Gerpe indicándolle que se revisaron todas as fichas da RPT e manifesta que se funcionarizará a todas as persoas susceptibles legalmente de funcionarizar, incluídas esas dúas persoas ás que facía referencia a Sra. Duarte.

Sigue respostando a Sra. Guimarey, que os 20.000 € non supoñen unha subida salarial senón unha regularización en función das necesidades do Concello segundo os postos.

Resposta a Sra. Guimarey ao Sr. Couto López indicándolle que en canto á suba salarial da RPT ésta estivo exposta e poideron mirala e preguntar en calquer momento que para iso están os departamentos de intervención, xurídico ou ela mesma ou podía habelo falado cos sindicatos, iso estaba na man do Sr. Couto e os seus compañeiros.

En contestación ao Sr. Mouriño a Sra. Guimarey manifesta que ou non se explica ben ou non se endenten porque ela non fala de subida salarial de 20.000 € senón que o orzamento dotouse dunha partida chamada "dotación de insolvencias" que é para toda esa xente que non está incluída na RPT e que clama ao ceo as discrepancias que teñen e que se poden ir regularizando na medida do posible, sempre dacordo á legalidade.

Segue respostando a Sra. Guimarey que en canto a cambios e modificacións, se cambiaron funcións porque se viu que non estaban adaptadas ás necesidades do Concello. A Sra. Guimarey non considera lóxico que unha persoa esté levando o rexistro e non teña dentro das súas funcións o rexistro e manifesta que como este exemplo hai outros.

Indica a Sra Guimarey que eso de que os técnicos non cobran todos igual o tería que respostar o Sr. Fernandez Mouriño, en función do tempo que estivo de Alcalde, manifesta que eses 20.000 € tamén van para iso, para que ente os técnicos non haxa tanto desequilibrio. Insiste en preguntarlle ao Sr. Fernandez Mouriño o motivo de porqué todos os técnicos non cobran igual, manifesta que ela o descoñece, de feito, continua dicindo que cando Alternativa chegou ao Concello atoparon esas discrepancias e indica a Sra. Guimarey que van trata de solucionalo, igual función, igual retribución na medida do posible.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte quen manifesta que dixo que ía absterse pero vendo a posición do PSdG-PSOE quizáis debería plantexarse votar en contra. Considera moi desagradable que a concelleira de persoal lle fale de ise xeito ao portavoz socialista xa que suponse que son un equipo de goberno e todo debería estar consensuado e apoiado e non ve normal que o primer tenente de alcalde se esté enteirando da modificación dos postos de traballo neste intre e que o propio representante socialista que forma parte do goberno pense que non é o momento de traer a RPT ao pleno. Indicalle ao grupo do PSdG-PSOE que deberían plantexarse votar en contra. Pregunta a Sra. Duarte si Alternativa goberna soa, e manifesta que o normal sería que tiveran o apoio do PSdG-PSOE e como equipo de goberno deberían estar unidos.

Manifesta o Sr. Couto que o PSdG-PSOE non vai ir en contra dos traballadores.

O Sr. Mouriño manifesta a súa sorpresa pola pouca fluidez entre o equipo de goberno e tamén entre o persoal e manifesta que os técnicos non cobran igual porque uns teñen subvencións, outros media xornada, pero que Alternativa leva dous anos gobernando e xa tiveron tempo para cambiar isto e aínda non o fixeron. Volve a insistir, o Sr. Mouriño, que son 140.000 € mais, en persoal, que o ano pasado. Manifesta que está dacordo en funcionarizar a todo o persoal e indica que xa había persoal para funcionarizar porque realizaba funcións de funcionario e aínda non se fixo nada.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, abstencións dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1º.- *Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) deste Concello segundo o proxecto, que obra no expediente, asinado dixitalmente pola alcaldía en data 14 de maio de 2021.*

2º.- *Expoñer ao público a devandita modificación da RPT, durante o prazo de quince días hábiles (que se contará dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións perante o Pleno do Concello. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

3º.- *Logo de aprobarse definitivamente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña unicamente a modificación da relación de postos de traballo e remitirase unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días.*

3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno Aprobación inicial Orzamento do Concello de Carral para o exercicio 2021

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de maio de 2021, como segue:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA ASUNTO:

Aprobación inicial Orzamento do Concello de Carral para o exercicio 2021

Considerando que de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, na redacción dada polo Real Decreto-lei 17/2014, esta Alcaldía, debe formar o Orzamento Xeral e remitilo antes do 15 de Outubro ao Pleno da Corporación, debidamente informado pola Intervención Municipal e con todos os anexos e documentación preceptiva, para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Considerando que o expediente debe tramitarse con arranxo ás disposicións contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos. Considerando que o Orzamento debe axustarse ademais ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit estrutural de conformidade co previsto nos arts. 2.1 e 3.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Orzamento Xeral constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local correspondente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Resultando que o Orzamento Xeral deste Concello está integrado exclusivamente polo Orzamento do Concello de Carral e que non se puido presentar nos prazos marcados pola Lei. Considerando que o proxecto de Orzamento Xeral, contén a documentación esixida polo artigo 164 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que o Orzamento do Concello de Carral confeccionouse conforme ao disposto no artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, , incorporando os estados de gastos e ingresos e as Bases de Execución. Considerando que o Orzamento non contén déficit inicial, e que os ingresos por operacións correntes superan aos gastos de igual natureza máis os gastos de amortización por endebedamento.

Considerando que se emitiu o preceptivo informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, en virtude do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Considerando que o procedemento de aprobación do Orzamento Xeral debe axustarse ao regulado nos artigos 168 (na redacción dada polo Real Decreto-lei 17/2014) e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que o acordo de aprobación inicial corresponde ao Pleno por maioría simple, por aplicación do disposto no artigo 168 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Considerando que con carácter previo ao acordo plenario, esta proposta debe someterse a estudo pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por así esixilo, entre outros, os artigos 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 82 , 123 , 126, entre outros, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Considerando que o acordo plenario de aprobación inicial deberá exporse ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Coruña, por prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Considerando que a efectos de presentación de reclamacións teñen a consideración de interesados quen es reúnan os requisitos do artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que poderán presentar reclamacións unicamente polos motivos previstos no artigo 170.2. As reclamacións deberán ser resoltas no prazo máximo dun mes.

Considerando que o Orzamento se entenderá definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións.

Á vista de todo o anteriormente exposto PROPONSE á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno

1º. Aprobar inicialmente Orzamento Xeral do Concello de Carral para o ano 2021, que contén os estados de gastos e ingresos e as Bases de Execución do Orzamento, e cuxo resumo por Capítulos é o seguinte:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE €	CAPÍTULOS	IMPORTE €
I IMPOSTOS DIRECTOS	1.748.000,00	I IMPOSTOS DIRECTOS	1.748.000, 00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00	II IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00
III TAXAS E OUTROS INGRESOS	552.031,11	III TAXAS E OUTROS INGRESOS	552.031,11
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.642.528,31	IV TRANSFERENCE NCIAS CORRENTES	2.642.528,31
V INGRESOS PATRIMONIAIS	800,00	V INGRESOS PATRIMONI AIS	800,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	5.033.359,42	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	5.033.359,42
VI ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	112.010,40	VI ALLEAMEN TO DE INVESTIME NTOS REAIS	112.010,40
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	655.547,52	VII TRANSFERENCE NCIAS DE CAPITAL	655.547,52
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII FINANCIEIR OS	ACTIVOS 0,00
IX	0,00	IX FINANCIEIR	0,00



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PASIVOS FINANCIEIROS		OS	
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	767.557,92	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	767.557,92
TOTAL ORZAMENTO	5.800.917,34	TOTAL ORZAMEN TO	5.800.917,34

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase pola Intervención do Concello unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

Carral, 24 de maio de 2021

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose “

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

Intervén o Sr. Alcalde para dar paso á Sra. Guimarey, concelleira de Facenda.

Indica a Sra. Guimarey que este orzamento está condicionado pola situación de crisis que trouxo a pandemia e que afectou a todos os ámbitos da nosa sociedade, isto foi o que marcou o orzamento do Concello de Carral. Manifesta que se trata dun orzamento maioritariamente social, no que se apoia ás empresas e autónomos do concello, dotando unha partida de 140.000 € para subvencións a empresas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

privadas e autónomos que loxicamente supera o importe do PEL, xa que , segundo indica a concelleira, foron concedidas a través do PEL, previa xustificación, axudas por importe de 92.120,09 € se se restan dos 140.000 € quedarían sobre 48.000 € para posibles axudas , posibles PEL que veñan, etc. Manifesta a Sra. Concelleira que se crearon partidas dirixidas a favorecer o comercio e o emprego, empezando a apliar medidas de apoio, que se está informando sobre fomento do emprego, creando postos de traballo como o da ADL en colaboración con outros concellos, unha figura que considera necesaria neste momento. Aclara a Sra. Guimarey, en relación á nota publicada polo Grupo Popular, que se ofertou, como sempre, o curso de “competencias clave” e xa o ano pasado houbo moi pouca xente e este ano non acadou o número suficiente de persoas para que se poidera impartir, aínda así manifesta a concelleira que se lle deu material ás persoas que se anotaron para que poideran optar aos exames.

Continua a Sra. Concelleira indicando que a súa prioridade son as familias desfavorecidas, por iso se fixeron fortes incrementos en política social, reforzando o persoal de Servizos Sociais, creando un posto de traballadora social que se reincorporará nos próximos días, un auxiliar administrativo que se incorporará tamén en breve, co que se apoiarán programas que favorezan a conciliación laboral da vida familiar. Asímesmo continua dicindo a Sra. Guimarey que se reforzou a partida de desinfección covid, tamén, sigue indicando a Sra. Guimarey, se realizaron cursos de formación para as persoas que colaboran no comedor do colexio, algo que ata agora nunca se fixera. Incorporáranse cursos de educación medioambiental, talleres de resolución de conflitos, haberá programas de “Madrugadores” e campamentos de verán con horarios mais amplos, cun maior importe, todo elo en beneficio da conciliación. Indica a concelleira que a pesares da pandemia se mantivo toda a axenda cultural e matiza que foron dos poucos concellos que o lograron.

Continua manifestando a concelleira de Facenda que está prevista unha reforma e aplicación do complexo deportivo, das antigas pistas de tenis que se converterán en pistas multideporte, tamén se reformará a pista de Tabeio. Indica a Sra. Guimarey que dende o concello se sigue apostando polos desbroces e limpeza viaria polo que se aumenta a partida en 10.000 €. Na partida de alumeadado público, en mantemento incrementábase este nun importe de 10.000 € para facer fronte á renovación de tendidos eléctricos e legalización dos mesmos. Indica que se empezará polas aldeas. Tamén, segue deixando de manifesto a Concelleira, que hai obras como o POS, subvencións nominativas que se están negociando e obras con fondos propios como por exemplo a compra dalgunhas parcelas, unha delas anexa ao Campo da Feira para facer un acceso peonil á Praza da Capela e outra posible compra, indica a concelleira de Facenda, serían unhas parcelas anexas á nave de obras que serían para convertirlas en zona de acopio propio de materiais.

Continua a Sra. Guimarey dicindo que tamén está en proxecto a adecuación de dúas zonas importante e de moito uso para os veciños e crear aparcamentos. Tamén está previsto o derribo do antigo Bar Guimarey, comenta a concelleira, e outras actuacións nas que se traballa e que de poder realizarse informarase disto.

Continúa falando Sra. Guimarey que no orzamento recóllese a nova RPT e a aplicación da Ley de Presupuestos Generales del Estado aprobada polo goberno do Estado para todos. Puntualiza a Sra. Guimarey que no referente á nota de prensa do Grupo Popular onde se fala das “subas de soldo do bipartito”, é falso, aos salarios do bipartito ao igual que os de todo o persoal do Concello aplicóuselles a Ley de Presupuestos Generales del Estado e é a intervención municipal a que o leva a cabo de maneira automática. Isto supón o 0,9 %, algo que se fixo sempre. Lembra a Sra. Guimarey que calquer suba salarial do grupo do goberno habería que levalo ao pleno e isto non se fixo porque non houbo ningunha suba que non fose o anteriormente indicado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para preguntar aos portavoces si desexan intervir, manifestando os tres portavoces que sí o desexan.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Duarte quen manifesta que a explicación da concelleira de facenda lle pareceu pobre, ao seu entender, xa que nun orzamento de 5 millóns e pico de euros o que mais relata a Sra. concelleira de facenda, son as competencias claves, apoio a familias, reforzo de persoal, cursos, etc, e estas son actividades que se levaban facendo desde hai anos, son actividades cotiás. Continúa falando a Sra. Duarte dicindo que as obras do POS non as pode vender porque xa estaban contempladas. Manifesta a Sra. Duarte que, en canto aos 140.000 € de apoio ás empresas, xa na acta anterior aparece reflexada o agradecemento da Sra. Guimarey á Sra. Duarte pola súa aportación, indica a Sra. Duarte que se o orzamento estivo retrasándose porque non estaba concretada a relación de postos de traballo tamén podían incluír o apoio directo ás empresas que a Sra. Florinda xa argumentara no pleno anterior e que tanto agradecera a Sra. Guimarey. Indica a Sra. Duarte que ela pedía a redución do IVE ás empresas, pimes e autónomos de Carral, pedía redución do imposoto da basura, aínda que sabe que o terían que levar a pleno, pero non foi así e nada de isto se meteu no orzamento.

Segue a falar a Sra. Duarte dicindo que o equipo de goberno dí que axudou á xente dando 92.000 € e o que opina a mesma Sra. Duarte é que o equipo de goberno vive nunha burbulla e non se dan conta do que non poden dicir que o orzamento está condicionado polo COVID, xa que os que están condicionados polo COVID son os veciños, non o orzamento. Continua dicindo que o equipo de goberno dille ao grupo popular que se subiu o 1% no seu momento e que, un ano despois o 1,25 % que se establecía na Ley de Presupuestos Generales del Estado en aqueles anos pero o que non din é que o equipo de goberno actual entrou no ano 2019 e subíronse 70.000 € de soldo e iso non o establecía a Ley nin estaba contemplado por ningunha Lei pero, aínda así, o subiron. Indica, a Sra. Duarte, que hay unha grande diferenza entre o equipo de goberno e o Partido popular e é que en 16 anos de goberno a Sra. Duarte nunca cotizou o 100% no Concello de Carral, sempre contizou ao 70 ou ao 80%, pero que non había unha lei que dixera, subimos 70.000 € de golpe e porrazo. Indica que a interventora fai o que lle corresponde pero o equipo de goberno podía renunciar a esa suba e destinar este tanto por cen a outras cousas que se necesitasen no concello, opina a Sra. Duarte que o equipo de goberno non mira polos bolsillos dos veciños senón miran polo seu bolsillo.

Continúa a Sra. Duarte indicando que a Sra. Guimarey dí que van a invertir fondos propios para a compra de parcelas, entendendo, a sra. Duarte, que esas parcelas irán contempladas no orzamento e pregunta, a Sra. Duarte, ¿Cal é a partida orzamentaria que vai destinada a isto?, xa que entente a Sra. Duarte que como o dixo a Sra. Guimarey “compraremos en el Campo de la Feria para acceso a plaza da Capela”, non entende ¿canto está previsto para isto?; en canto á outra parcela que teñen previsto mercar, a Sra. Duarte pregunta ¿canto está previsto gastar?, ¿cal é a partida orzamentaria?, ¿habrá unha partida orzamentaria concreta?, ¿habrá unha estimación dese terreo e cal é a necesidade de ese terreo e non doutro?. Manifesta a Sra. Duarte que a Sra. Guimarey lle explique que é iso de tirar o Bar Guimarey e preguntalle á Sra. Concelleira de Facenda que vinculación ten ela con ese bar.

Resposta a Sra. Guimarey pedindo disculpas e manifestando que foi un erro na súa intervención dicir Bar Guimarey o que se vai demoler senón é o Bar Primavera.

Continúa a intervención a Sra. Duarte preguntando porqué ten o concello que pagar esa demolición, ese lugar (referíndose ao bar Primavera) debería ter un titular ou un dono e debería ser el que se fixese cargo da demolición. Solicita a Sra. Duarte que llo expliquen. Pregunta a Sra. Duarte como fixeron a contratación de quen está levando o suministro e mantemento do alumado público xa que corren rumores de familiares e que hai algo de cacicada e pide que isto conste en acta. Manifesta a Sra. Duarte que durante anos se dicía que o PP facía cacicadas pero agora ela pensa que o equipo de goberno lle está quitando o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

título ao PP, indica que evidentemente, ela, votará en contra dos orzamentos porque opina que o equipo de goberno non ten en conta o COVID nin a situación que produxo o COVID aos veciños de Carral.

Manifesta a Sra. Duarte que ela preferiría que leran a memoria de Alcaldía porque iso reflexa moito mais que o que dixo a Sra. Guimarey. A Sra. Duarte resume o seu voto en contra fundamentalmente pola suba dos soldos do equipo de goberno e por ser mentida que houbera axudas en Carral.

Continúa dicindo a Sra. Duarte que viu unha intervención do Alcalde de Oleiros e pensa que Alternativa dos Veciños de Carral é unha fotocopia do de Oleiros, indica ao equipo de goberno que non lles importa nada o que lles pase aos veciños de Carral. Indica, a Sra. Duarte, que os bares, autónomos e empresas do Concello de Carral non tiveron axudas directas do Concello de Carral, que o equipo de goberno tivo a oportunidade de meter axudas nos orzamentos pero preferiron non facelo e seguir adiante.

O Sr. Alcalde dá a palabra ao Sr. Couto.

Intervén o Sr. Couto manifestando que votará a favor do orzamento, indicando que se lles facía tarde que chegaran estes orzamentos xa que hai partidas moi importantes e hai partes do programa electoral socialista que se queren desenrrolar xa e dependen da aprobación do citado orzamento. Manifesta o Sr. Couto que hai axudas a comercios, na área de comercio que leva o PSdG-PSOE, de 140.000 €, é dí que é unha cantidade moi importante sin contar os cartos que da a Deputación, son fondos propios e por ese motivo querían que estiveran aprobados antes os orzamentos. A Deputación hai 15 días que sacou axudas para a hostalería, axencias de viaxes, para os organismos mais golpeados pola pandemia; a Xunta de Galicia sacoy axudas hai un mes e medio, o Sr. Couto pensa que é un pouco tarde para aprobar os orzamentos pero chegarán as axudas á xente e a xente verá que eses cartos se darán aos negocios que o necesiten.

Continúa falando o Sr. Couto dicindo que hai inversións moi importantes e necesarias e que están recollidas neste orzamento e hai inversións que se multiplican polo 200% que virán da Unión Europea e que non son os 900 mil e pico euros que hai no orzamento senón, un millón oitocentos mil euros e espera que cheguen a este Concello.

Indica, o Sr. Couto, que están a traballar no Bar Guimarey e que será a través dun convenio coa Deputación e con fondos da Deputación, o compromiso é verbal con todos os veciños pero hai un veciño que non quere asinar, todos os demais están dacordo en asinar, continua dicindo que seguirán traballando para que isto poida ser posible. Respecto do Bar Primavera, dí o Sr. Couto, que hai un convenio asinado, amparado por documentos técnicos de arquitectos no que din que esa operación é absolutamente legal, o Sr. Couto pon a disposición os documentos tanto do arquitecto municipal como da secretaria accidental, manifesta o Sr. Couto que é unha operación absolutamente boa para Carral. Indica o Sr. Couto que se conseguirá facer un pasillo traseiro por unha zona por onde non existe, practicamente, beirarúa, que é diante do edificio que lle chamaban a do "Requeté", onde estaba o taller de motos e de este xeito poderase entrar pola parte de atrás. O Sr. Couto manifeta que ven fundamental facer o anteriormente dito, o propietario do bar cederá todo o dominio público, é dicir todo o terreo, aproximadamente dende onde está a ferretería cara adiante.

Indica o Sr. Couto que en canto á finca pola que preguntaba a Sra. Duarte comenta que é a finca onde estaba o anterior cuartel da garda civil, co mesmo obxectivo, simplemente onde hai unha beirarúa estreita inténtase facer un pasillo peonil por detrás para que a xente non teña que camiñar ao lado da N-550 e se circule dun xeito peonil, sen ningún tipo de vehículo pola zona traseira, isto está pendente. Manifesta o Sr. Couto que despois de falar cos propietarios desta parcela o custe terreo urbano é de 20.000 €, resaltando o Sr. Couto que lle parece unha operación moi boa para o Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua manifestando o Sr. Couto que dentro do orzamento tamén están as subvencións entre outras as da Deputación, as partidas do POS 2021 que se levarán a cabo cando a Deputación de luz verde para a súa execución, indica o Sr. Couto que hai partidas importantes en temas de deportes, arranxo de rúas, camiños e demais e que ademais de todo isto ten a nova que entrará un POS ADICIONAL de preto de 200.000 € no que se meterán obras que está no POS Complementario, que contempla isto e tocan a todo o Concello de Carral. Por todo isto, indica o Sr. Couto, que o partido socialista quere o orzamento xa, porque serve para desenvolver o programa socialista e polo tanto necesítase este orzamento xa e e por iso o sentido do seu voto vai ser favorable. O Sr. Couto solicita a Sra. Duarte que reconsidere a súa opinión porque cando vexa o que se fará co orzamento lle fará cambiar de opinión.

O Sr. Alcalde da a palabra ao Sr. Fernández Mouriño.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño manifestando que non viu, puido ser por despiste (aclara) a partida con fondos propios para a dinamización do comercio de Carral. Reitera o Sr. Fernández que non ve esa partida, só ve a partida de Fomento do Emprego que leva consigo a contratación dun ADL, que se vai a ter en colaboración con outros concellos e que ten un orzamento de 155.438 €. Indica o Sr. Fernández que non é certo iso de que axudaron á hostalería e ao comercio xa que foron a Xunta e a Deputación as que o fixeron. Relata o Sr. Fernández que o certo é que o Concello tiña que aportar o 20% deses 104.000 €, dos cales quedaron persoas fora, e agora mesmo hai outras partidas e non hai mais que definilas a través dun decreto da Alcaldía e así xa se pode facer, serían case outros 100.000 €. Manifesta o Sr. Fernández que os orzamentos montran que se vai mercar un terreo en rúa de Paleo por 8000 € e pregunta se ¿será a do Ferrador?, tamén, continua o Sr Fernández, hai un terreo na praza da Capela 20.000 €, un aparcamento anexo ao Campo da Feira por 27.000 €, o tema de Muñiz, a renovación de varios edificios que xa viñan do ano pasado. O Sr. Fernández non entende como o equipo de goberno pode presumir deste tema.

Continúa falando o Sr. Fernández Mouriño dicindo que con respecto aos gastos de persoal van no orzamento 1.960.000 € e na memoria do alcalde iso está mal, hai un erro. Indica o Sr. Fernández Mouriño que hai un tempo se falaba de gastos correntes e Alternativa de Veciños de Carral comentaba que porqué a unha empresa de electricidade de Carral se lle pagaban 200.000 € e agora o Sr. Fernández ve que no orzamento deste ano 2021 van 200.000 € para gastos de electricidade (repoñer, mantemento, etc), está de acordo con este orzamento, pero non está dacordo en que non lle den a unha empresa de Carral, aínda que algo pequeno sí lles dan dan a algunha empresa de electricidade de Carral o groso non llo dan a ninguén de Carral.

Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que en gastos correntes soben un 7%, que o Sr. Couto manifestaba que viría outra subvención grande para o Concello e o Sr. Fernández manifesta que aínda que isto é satisfactorio para todo o pobo, que fai falla humanizar Carral, gástanse 2.400.000 € en gastos correntes e en inversións reais só 965.000 €. Recoñece o Sr. Fernández Mouriño que o concelleiro de vías e obras, no goberno do PP, sempre lle reclamaba a contratación de empresas externas para limpiar cunetas e ve que no punto do orzamento van 60.000 € para contratar unha empresa externa para a limpeza mencionada, algo que o señor Mouriño aplaude, manifestando que cando as cousas se fan ben hai que dicilo. Fai constar, o Sr. Mouriño que a día de hoxe o equipo de goberno, despois de 2 anos, xa non lle pode votar en cara que non hai cartos.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que a partida de concelleiros son 250.580 € e ahí van incluídos os 150 € que cada dous meses cobran os concelleiros da oposición. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño non estar dacordo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

co que dí o Sr. Couto de que non se poden incluír os cartos do segundo POS no orzamento, indica que aínda que solo fora en poñelo como ingresos, non entende que despois haxa que facer un modificado. Lémbrales, o Sr. Mouriño, cando lles dicía, ao equipo de goberno, que tiñan que ser máis ambiciosos, que chegarían cartos da Deputación e ve que non lle fixeron caso, manifesta o Sr. Mouriño que no seu día ofreceuse, él mesmo, a dar opinións e a informar sobre o que os veciños lles comunicaban ao seu grupo. Reitera o Sr. Mouriño o seu ofrecemento e colaboración en temas de infraestruturas e adianta que non só virá este segundo POS, senón que virá un terceiro, el na súa condición de Diputado, sabe como están as arcas da Deputación da Coruña e chegarán a Carral entre 150.000 e 170.000 € máis para o que necesite o Concello.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que o pasado ano na ficha dos orzamentos concretamente na ficha do alcalde poñía a cantidade de 39.984 € brutos e este ano a cantidade de 42.817 €, isto non corresponde ao 0,9 € do que están falando senón que son 2700 € máis, contando que a seguridade social vai a parte e que serían outros 250.000 € máis.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que xa que non houbo festas do pan, nin da empanada, nin colaboración coas parroquias cando había festividades, eventos ou actividades que en outros anos si houbo cos cartos dos gastos correntes que hai este ano, as estradas, alumeados, cunetas, etc estén perfectas, tal e como as atoparon cando entrou o equipo de goberno no concello.

Sorpréndelle ao Sr. Mouriño que non se fale de que o Concello está ben economicamente, debería o equipo de goberno deixarse de dicirle aos veciños que o concello non ten cartos xa que o informe da intervención do concello marca un 37 % de débeda e pódese chegar ata un 75 %, indica que non é vergoñento deber aos bancos. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño, que o concello debe 1.672.000 €, so un 37,47 % de débeda, ata o 75 % se pode solicitar axuda. Reitera o Sr. Fernández Mouriño que non volvan a dicir, o equipo de goberno, á xente que non hai cartos, sobre todo cando se lles piden cousas pequenas, comenta o Sr. Fernández Mouriño ao equipo de goberno que deixen de ser axentes inmobiliarios e se adiquen a facer cousas importantes no pobo.

Indica o portavoz do PP que votarán en contra destes orzamentos porque habería que ser máis ambiciosos con respecto ás inversións, non tan tarde e cunha memoria de tan pouco nivel.

Solicita a palabra a Sra. Duarte agradecendo, en contestación ao Sr. Couto, a intervención que este fixo respondendo ás súas preguntas. A Sra. Duarte maniféstalle ao Sr. Couto que case a convence por como lle explicou todo pero o que non lle convence é o orzamento en xeral. Indica que por ela se abstería neste orzamento sempre en cando foran incluídas nel axudas directas aos autónomos, algo que segundo ela leva reclamando dende hai moito tempo e tamén se abstería se en vez de subir os soldos, o equipo de goberno, neste tempo de pandemia dirán exemplo e se reduxeran o soldo, ata incluso podería votar a favor se non houbera ningunha persoa maior en espera na lista de axuda a domicilio.

Por último sinala a Sra. Duarte que ela non está dacordo co portavoz do PP en que o equipo de goberno non lle deba dicir aos veciños “que o concello está endebedado”, non, ela quere que se lles sega dicindo isto aos veciños “que o concello está endebedado pola culpa do PP, que non hai cartos, que o PP deixou moil mal o concello”, a Sra. Duarte queren que sigan dicindo esas patrañas, que o Sr. Alcalde sega cobrando 42.000 € e o resto dos concelleiros 250.000 € e que lle sigan negando servizos aos veciños e ao mesmo tempo, a Sra. Duarte quere saber e pregunta ¿onde van os cartos das excursións da terceira idade, os cartos dos bailes, os cartos de todas as actividades para a xente maior, de todas as actividades culturais e deportivas para os nenos?, segue preguntando ¿cando se poderán ter esas actividades?, e quere que lle segan dicindo á xente que non hai cartos e que a xente estea na casa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Toma a palabra a Sra. Guimarey respostando á Sra. Duarte que a explicación foi pobre porque a propia Sra Guimarey entendeu que todos revisaran a documentación e por iso non desenvolveu as cantidades. Continua dicindo que hai unha partida de 140.000 € que pon “outras subvencións a empresas privadas”, disos 140.000 e sacáronse para o PEL Reactiva 91.120 € e quedan 47 mil e pico euros para o apoio a empresas privadas.

Matiza a Sra Guimarey que o mantemento do alumado público, estou levando a cabo, no Concello de Carral, a empresas INSTELEC, que foi a mais económica no prezo/hora das catro empresas que ofertaron. Esta empresa foi a que levou o mantemento debido á gran diferenza que había coas outras empresas, algunhas de Carral. Tamén informa a Sra. Guimarey que se pedirá unha subvención ao IDAE para poder levar a cabo actuacións maiores dunhos 100.000 €, indica que se están a redactar os pregos e que se sacará a concurso, as actuacións levaráanse a cabo en dúas zonas diferentes para que cando fagan o ingreso dunha se poida pedir a outra.

Pregunta a Sra. Guimarey ¿a qué se refire a Sra. Duarte co do caciquismo?. Reitera que lle gustaría que lle explicara.

Intervén o Sr. Caamaño para preguntarlle ao Sr. Mouriño ¿se hai dúas empresas de electricidade en Carral, por que se ten que coller á mais cara?. O Sr. Caamaño manifesta a súa intención de baixar o endebedamento do 37% do concello e non subilo ao 75%, por todo iso, manifesta o Sr. Caamaño cando se piden diferentes orzamentos quedamos coa opción mais económica e dan un servizo tan funcional coma a outra.

Resposta o Sr. Fernández Mouriño, por alusións, dicindo que aparece xa a partida da subvención do IDAE nos orzamentos, sobre 80.000 €, cando fala de darllo a empresas locais, el sabe que lle deron cousas a empresas locais “Orca”, por exemplo, é unha empresa local e indica o Sr. Mouriño que el sabe como se fan os contratos porque os ve na xunta de goberno e nos decretos da alcaldía. Reitera que lle parece ben que se lle dé traballo a Orca ou a calquer outra empresa de Carral. Indica o Sr. Mouriño que esperaba que dixeran que os 116.000 € que lles hai que pagar a Varinca, farase cargo a compañía de seguros, como dixeran o propio Sr. Fernández Mouriño

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as oito señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE), votos en contra dos catro señores/as concelleiros que asisten á sesión (tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e da concelleira non adscrita), o que supera a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1º. *Aprobar inicialmente Orzamento Xeral do Concello de Carral para o ano 2021, que contén os estados de gastos e ingresos e as Bases de Execución do Orzamento, e cuxo resumo por Capítulos é o seguinte:*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE €	CAPÍTULOS	IMPORTE €
I IMPOSTOS DIRECTOS	1.748.000,00	I IMPOSTOS DIRECTOS	1.748.000, 00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00	II IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00
III TAXAS E OUTROS INGRESOS	552.031,11	III TAXAS E OUTROS INGRESOS	552.031,11
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.642.528,31	IV TRANSFERENCE NCIAS CORRENTES	2.642.528,31
V INGRESOS PATRIMONIAIS	800,00	V INGRESOS PATRIMONI AIS	800,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	5.033.359,42	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	5.033.359,42
VI ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	112.010,40	VI ALLEAMEN TO DE INVESTIME NTOS REAIS	112.010,40
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	655.547,52	VII TRANSFERENCE NCIAS DE CAPITAL	655.547,52
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII FINANCIEIR OS	ACTIVOS 0,00
IX	0,00	IX FINANCIEIR	0,00



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PASIVOS FINANCIEIROS		OS	
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	767.557,92	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	767.557,92
TOTAL ORZAMENTO	5.800.917,34	TOTAL ORZAMEN TO	5.800.917,34

2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase pola Intervención do Concello unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

4.- Dictame sobre proposta da Alcaldía ao Pleno Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de Convenio de Colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, tramos 1,2 e conexión Carral.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de maio de 2021, como segue:

„PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación de Convenio de Colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos “SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE”, tramos 1,2 e conexión Carral.

Con data 26 de marzo de 2021 o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos construtivos “Senda Ciclable Z.E.C. Abegondo-Cecebre”, Tramos 1, 2 e Conexión en Carral, foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Con data 16 de abril de 2021 subscribiuse dito convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos constructivos "Senda Ciclable Z.E.C. Abegondo-Cecebre", Tramos 1, 2 e Conexión en Carral, que se transcribe como segue:

"Convenio de Colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carral para levar a cabo as obras dos proxectos constructivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", tramos 1,2 e conexión Carral.

A Coruña, 16 de abril do 2021

REUNIDOS

Dunha parte Don José Ramón Rioboo Castro, deputado delegado da Área de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, en virtude de resolución da presidencia número 24475 de 16 de xullo de 2019, en representación da deputación.

Doutra Parte Don Francisco Javier Gestal Pose, Alcalde Presidente do Concello de Carral

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña e acordaba solicitar financiamento do FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopan as de:

DENOMINACION PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACION (20%)
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 1	837.091,61€	669.673,29€	167418,32€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 2	802.924,56€	642.339,65€	160584,91€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Conexión con Carral	572.297,31€	457837,85€	114459,46€

Mediante Resolucións do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA as axudas que se indican, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

NÚMERO PROXECTO IDAE	DENOMINACIÓN PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO O/MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA OUTORGAR (cofinanciación FEDER)	A
FEDER EELL-2019-000718	SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-	CARRAL	OE 451 Medida 08	837.091,61€	669.673,29€	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	Cecebre, Tramo 1				
FEDER	SENDA	CARRAL	OE 451	802.924,56€	642.339,65€
EELL-2019-000716	CICLABLE Z.E.C.		Medida 08		
	Abegondo- Cecebre, Tramo 2				
FEDER	SENDA	CARRAL	OE 451	572.297,31€	457837,85€
EELL-2019-000711	CICLABLE Z.E.C.		Medida 08		
	Abegondo- Cecebre, conexión con Carral				

Concluída a redacción dos proxectos pola Deputación Provincial da Coruña, nos que se recollen os detalles das obras necesarias para a súa realización, así como os orzamentos finais, que ascenden aos importes que se indican no seguinte cadro (IVE incluído), éstos foron aprobados por Decreto da Alcaldía 62/2021, do 12.02.2021:

NÚMERO IDAE	PROXECTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER EELL-2019-000718		SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 1	810.428,04 €
FEDER EELL-2019-000716		SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 2	785.794,63 €
FEDER EELL-2019-000711		SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, conexión con Carral	554.465,53 €

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a "encomenda de xestión" entre o Concello de CARRAL e a Deputación da Coruña para a execución das obras dos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDOCECEBRE, TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL", que afectan ao término municipal do Concello de CARRAL.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carral con suxeición as seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Carral a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas nos proxectos que se indican no seguinte cadro, que afectan a esta área municipal, documentos que conteñen de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica, e cuxos orzamentos finais, IVE incluído, ascenden aos seguintes importes:

NÚMERO IDAE	PROXECTO	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO
FEDER EELL-2019-000718		SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 1	810.428,04 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FEDER EELL-2019-000716	SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 2	785.794,63 €
FEDER EELL-2019-000711	SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, conexión con Carral	554.465,53 €

2. O prazo de execución dos traballos é de diez (10) meses para os tramos que recollen as obras previstas nos proxectos de referencia e que afectan ao termo municipal de Carral, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CARRAL

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Carral, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas nos proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL" e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes aos proxectos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDO-CECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL.
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Carral, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal das obras realizadas, asumindo éste a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Carral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. Executar os proxectos construtivos "SENDA CICLABLE Z.E.C. ABEGONDOCECEBRE", TRAMOS 1, 2 e CONEXIÓN CON CARRAL, que contemplan as obras previstas nos proxectos de obra aos que se refire o presente convenio e recollen de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.
2. Aplicar o financiamento das obras recollidas nos proxectos construtivos referidos no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Carral, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo.
3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas nos proxectos e formalizar os actos de recepción das mesmas.
4. Comunicar ao Concello de Carral a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Carral, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Carral, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Carral e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:
 - Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
 - Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
 - Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.

- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial, o 26 de marzo de 2021.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

Visto o informe do arquitecto Don Félix Quijano Yáñez, asinado dixitalmente o día 12 de decembro de 2018 que transcribo literalmente:

"ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE DOS BENS OU DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

Emítase este informe técnico xurídico para o investimento indicado:

INFORME TÉCNICO

Os terreos precisos para a realización da obra de "MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NO CONCELLO DE CARRAL" son o propio espazo público xa existente, e que veñen detallado no proxecto e que resultan ser os vaos peonís da estrada N550 nos núcleos urbanos de Tabeaio e Carral, existindo dispoñibilidade física de ditos terreos.

É todo canto teño a ben informar.

O Arquitecto do Concello,
Félix Quijano Yáñez"

Visto o informe da interventora municipal Dona Noemí González Mato, asinado dixitalmente 13 de maio de 2019 que transcribo literalmente:

"CERTIFICADO DE EXISTENCIA DE CRÉDITO

Asunto: Certificado de existencia de crédito para la ejecución de la obra "Mellora da Seguridade viaria" (subvencionada por la Diputación Provincial de A Coruña, 63.972,46 € sobre el presupuesto total de 79.965,58 €, IVA incluído)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Importe: 79.965,58 € (IVE engadido).

Organo que emite a proposta: Alcaldía.

NOEMÍ GONZÁLEZ MATO, Interventora del Ayuntamiento de Carral, a la vista de la solicitud de Alcaldía de fecha, 11 de febrero de 2019 por la que se solicita a esta intervención la realización de la correspondiente retención de crédito con cargo al presupuesto para el 2019, de 79.965,58 € (IVA añadido) para la ejecución de la obra "Mellora da Seguridade viaria" (subvencionada por la Diputación Provincial de A Coruña, 63.972,46 €).

CERTIFICO,

Que existe crédito no orzamento doen el presupuesto de Ayuntamiento de Carral para 2019 e en el Anexo de Inversiones para o 2019, en la aplicación presupuestaria 1532.61900 , para hacer frente al gasto de 79.965,58 €.

Y para que así conste, firmo el presente certificado en Carral, en la fecha de la firma digital al margen.

A Interventora
Noemí González Mato"

En vista de todo o anterior e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), b) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), previo o ditame da Comisión Informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en uso da atribución propia (art. 22.2 l) p) e q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante)), segundo o establecido nos artigos 21.1.i) LRBRL e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), adopte os seguintes acordos:

1- Aprobar el convenio de colaboración suscrito o 16 de abril de 2021, cuxo obxecto é regular a envomenta de xestion por parte deste concello a favor da Deputacion Provincial da Coruña para a realización das obras recollidas nos proxectos que se indican no seguinte cadro:

DENOMINACION PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACION (20%)
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 1	837.091,61€	669.673,29€	167418,32€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 2	802.924,56€	642.339,65€	160584,91€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Conexión con Carral	572.297,31€	457837,85€	114459,46€

2- Nomear como representante deste concello ao alcalde para formar parte da comisión de seguimento para formar parte do referido convenio.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE

Francico Javier Gestal Pose"

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEBATE

O Sr Alcalde lé a proposta e pregunta se alguén quere intervir, manifestando os tres portavoces que sí.

Intervén a Sra. Duarte para agradecer esta ruta e fai referencia a que foi un proxecto iniciado polo PP no seu día, concretamente pola irmá do Sr. Couto, a técnica de medio ambiente, e o Concelleiro de Medio Ambiente no seu momento. Recoñece a Sra. Duarte que o Sr. Couto é o propulsor porque o proxecto levouse á Deputación e alí quedou ata que o Sr. Couto o reformou pero o mérito ben de antes, aínda que sexa agora cando o leva o Sr. Couto para adiante, está contenta, indica a Sra. Duarte, de que se poidera remexer nos caixóns da Deputación e que o Sr. Couto atopara cousas e que sallan para adiante.

Intervén o Sr. Couto para manifestar que o proxecto é moi bo para Carral, que trata de levar ao rural os servizos das grandes cidades, financiado ao 100% pola Deputación co 80% dunha subvención do IDAE. Manifesta o Sr. Couto que este proxecto naceu dun estudo inicial da Reserva da Biosfera, que englobaba todo o embalse de Cecebre, antes dito proxecto chegaba ata Abegondo pero aproveitando o Val do Barcés, dende a área do Gabinete do Presidente da Deputación, na que o Sr. Couto estaba, impulsouse ese trazado e agora chega ata Carral. Fai saber, o Sr. Couto, que descoñecía que houbera traballos anteriores pero que lle alegra que fora así, que o traballo non se basa en ningún traballo anterior, senón no da Biosfera, pode ser que o proxecto coincida en algúns trazados, e indica que o proxecto se modificou xa que no seu día non fixeron caso aos técnicos de Carral. Tamén informa de que se invitou á asociación BTT de Carral a aportar dicir si era ou non un trazado ideal e foron a recorrer ese trazado.

Segue manifestando o Sr. Couto que son 600.000 € so no tramo de Carral e que conecta Carral con Abegondo e Betanzos e mais adiante tamén conectará con Culleredo e A Coruña. O Sr. Couto considera este proxecto seu porque o pelexou e porque acadou que o levaran a cabo pero aclara o Sr. Couto que a el ninguén lle informou (referíndose ao equipo de goberno) de que houbera un representante do Concello e que, éste, sería o Sr. Alcalde, manifestando, así memos, que o Sr. Couto considera que debería ser el mesmo, o concelleiro de infraestructuras, o representante do Concello neste proxecto, pero dí que non lle quere dar importancia porque o seu equipo está a traballar polo ben do pobo e ben está cando se consegue un obxectivo. O Sr. Couto solicita aos seus socios do goberno respecto e lealdade para estas cousas.

Intervén o Sr. Mouriño para aplaudir as intervencións da Sra. Duarte e do Sr. Couto e manifesta que o concelleiro de medio ambiente (que estaba na época na que el gobernaba) e a irmá do Sr. Couto andiveron moitas veces dende o Embalse de Cecebre ata a Ribeira de Cañas para presentar a memoria da que fala a Sra. Duarte, indica o Sr. Mouriño que lla enviaron ao xefe de servizos e obras da Deputación para que algún día se poidese ter o que hoxe se acadou. Felicita, o Sr. Mouriño, ao Sr. Couto por sacar este proxecto adiante.

Indica o Sr. Mouriño un erro na proposta que se levou a o pleno, xa que hai un erro no que constan os informes do arquitecto e da intervención do concello referidos á “Mellora da seguridade viaria...”, na vez dos informes das Sendas Ciclabes.

Intervén o Sr. Alcalde para aclarar que, efectivamente, foi un erro material e os informes correctos están á disposición dos concelleiros no expediente de carácter favorable. O Sr. Alcalde pide disculpas polo erro.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita), o que supera a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1- Aprobación do convenio de colaboración suscrito o 16 de abril de 2021, cuxo obxecto é regular a envometa de xestión por parte deste concello a favor da Deputación Provincial da Coruña para a realización das obras recollidas nos proxectos que se indican no seguinte cadro:

DENOMINACION PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACION (20%)
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 1	837.091,61€	669.673,29€	167418,32€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Tramo 2	802.924,56€	642.339,65€	160584,91€
SENDA CICLABLE Z.E.C. Abegondo-Cecebre, Conexión con Carral	572.297,31€	457837,85€	114459,46€

2- Nomear como representante deste concello ao alcalde para formar parte da comisión de seguimento para formar parte do referido convenio.

Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

5.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os decretos ditados pola Alcaldía entre o 1 de febreiro de 2021 e o 22 de marzo de 2021 (dende a sesión 1/2021 extraordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria) que se indican a continuación, dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta de catro reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das resolucións (nº 119 e 151/2021) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
116/2021	23/03/2021	Asunto: Aprobación/denegación da documentación xustificativa (presentada entre o 22 de xaneiro de 2021 e o 12 de marzo de 2021) das axudas concedidas na liña de axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMIENTO PARA LA REACTIVACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA, del Plan de Empleo Local (PEL 2020) (cofinanciada en un 80% por la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA).
117/2021	25/03/2021	Asunto: Contratación laboral temporal de catro albanes e un electricista (oficiais de segunda) a xornada parcial dende o 25 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		marzo ata 31 de decembro de 2021 ao abeiro da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través da resolución nº 2020/42100 de 23 de decembro de 2020 pola que se aproba o programa de integración laboral PEL-CONCELLOS 2021
118/2021	25/03/2021	Asunto: Asunto: Solicitud á Deputación Provincial da Coruña de subvención (SERVIZO DE SO CORRISMO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE CARRAL VERÁN 202 1) ao abeiro da convocatoria do programa de socorrismo dirixido a Concellos de menos de 50 .000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 202 1 (FO023B /2021
119/2021	26/03/2021	Asunto: Aprobación das nóminas ordinarias e extraordinarias do persoal ao servizo do concello de Carral correspondentes ao mes de marzo de 2021
120/2021	26/03/2021	Asunto: Concesión de anticipo de Caixa Fixo 2-2021
121/2021	26/03/2021	Asunto: Concesión de anticipo de Caixa Fixo 3-2021
122/2021	23/03/2021	Asunto: Exp LP 5-2021
123/2021	31/03/2021	Asunto: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATOS, NOMEAMENTOS DOS MENBROS DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DA ENTREVISTA PROFESIONAL PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADORA PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL , A XORNADA COMPLETA, NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE INTERINIDADE ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO Asunto: CORRECCION ERROS DECRETO 123/2021 APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATOS, NOMEAMENTOS DOS MENBROS DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DA ENTREVISTA PROFESIONAL PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADORA PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL , A XORNADA COMPLETA, NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE INTERINIDADE ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO
124/2021	31/03/2021	Asunto: CORRECCION ERROS DECRETO 123/2021 APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATOS, NOMEAMENTOS DOS MENBROS DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DA ENTREVISTA PROFESIONAL PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADORA PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL , A XORNADA COMPLETA, NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE INTERINIDADE ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO
125/2021	05/04/2021	Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022120 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
126/2021	07/04/2021	Asunto: "PERSOAMENTO E SOLICITUDE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ORDINARIO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		Nº 0000458/2019"
127/2021	07/04/2021	Asunto: "PERSOAMENTO E SOLICITUDE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 0000443/2019"
128/2021	07/04/2021	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 1/2021.
129/2021	07/04/2021	Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 6/2021, ORDINARIA, 08 DE ABRIL DE 2021
130/2021	05/04/2021	Asunto: Exp for 9/20211
131/2021	09/04/2021	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (abril 2021).
132/2021	15/04/2021	Asunto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 5.2021. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 2.2021 ENTRE PARTIDAS DEL MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E PARTIDAS DE PERSOAL
133/2021	15/04/2021	Asunto: APROBACIÓN DO GASTO PARA O ESCANEADO DE PLANOS E CARTOGRAFÍA DO CONCELLO DE CARRAL.
134/2021	15/04/2021	Asunto: CONCESIÓN E ABOAMENTO A DONA ERICA MARÍA MOSQUERA GENDE, DE PRODUCTIVIDADE POR TAREFAS ENCOMENDADAS POLA ALCALDÍA.
135/2021	15/04/2021	Asunto: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 2/2021
136/2021	19/04/2021	Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO DE LA ALCALDÍA 135/2021, OL 15 DE ABRIL DE 2021, CORRESPONDENTE OL EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/G003/000138 (AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 2/2021).
137/2021	19/04/2021	Asunto: APROBACIÓN DO GASTO PARA A MEDICIÓN DE PARCELA EN AVENIDA DOS MÁRTIRES CON OBXETO DE VALORAR A ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELO DE CARRAL E COMPROBAR A SÚA SUPERFICIE REAL.
138/2021	19/04/2021	Asunto: Contratación laboral temporal dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (con categoría profesional de traballador/a social, a xornada completa, na modalidade contractual de interinidade ata a incorporación da titular do posto)-
139/2021	21/04/2021	Asunto: Adjudicación del contrato de la obra MURO CONTENCIÓN E ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO EN BACELO (FINANCIADA AL 100%-39.895,.1 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS +2020) DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA).
140/2021	21/04/2021	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia Marzo de 2021.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- | | | |
|----------|------------|---|
| 141/2021 | 21/04/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022294 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 142/2021 | 21/04/2021 | Asunto: Asunto: Aprobación de nova versión de proxecto da Deputación Provincial da Coruña en relación coa solicitude dunha subvención nominativa para o financiamento das obras de Mellora da seguridade peonil no Concello de Carral, mediante a formalización dun convenio de cooperación entre tal ente provincial e o Concello de Carral para financiar a MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA. |
| 143/2021 | 21/04/2021 | Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 7/2021, ORDINARIA, 22 DE ABRIL DE 2021 |
| 144/2021 | 22/04/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022160 Acuerdo Inicio 9BIS Acuerdo inicio no identificación conductor |
| 145/2021 | 22/04/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022236 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 146/2021 | 23/04/2021 | Asunto: Asunto: Aprobación certificacións UNHA (1) E DÚAS (2) E ÚLTIMA da obra " MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA" (financiada ao 100%-174.777,18 €- a través do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA). |
| 147/2021 | 23/04/2021 | Asunto: Aprobación certificación SEGUNDA E DERRADEIRA DA OBRA MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO PENEDO AO LUGAR DE LAVANDEIRA.(FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 19-12-2019; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 29-06-2020) |
| 148/2021 | 23/04/2021 | Asunto: Asunto: Abono a la Entidad Pública Empresarial del Suelo (SEPES) de la cantidad de 2.244,36 € en concepto de Impuesto sobre e Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana devengado por la transacción de la parcela COMERCIAL SOCIAL de la Actuación "Os Capelos". |
| 149/2021 | 26/04/2021 | Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA NOVA INSTALACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ALUMEADO CON TECNOLOXÍA LED NA ESTRADA DP 1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS), INCLUIDO NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

- | | | |
|----------|------------|--|
| 150/2021 | 26/04/2021 | Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA REFORMA INTERIOR DO POLIDEPORTIVO DO C.E.I.P VICENTE OTERO VALCARCEL INCLUIDO NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. |
| 151/2021 | 27/04/2021 | Asunto:Aprobación das nóminas ordinarias e extraordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de abril de 2021. |
| 152/2021 | 27/04/2021 | Asunto: Designación do xurado do premio do XXIV Concurso de poesía “Concello de Carral”eto |
| 153/2021 | 28/04/2021 | Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA PROXECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN: AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO Y REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR. CALLE BELVÍS DE PALEO Nº 17. AYUNTAMIENTO DE CARRAL.”;INCLUIDO NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. |
| 154/2021 | 28/04/2021 | Asunto: APROBACION DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR O SERVIZO DE ASESORAMENTO LEGAL ANTE OS ORGANISMOS OU XUZGADOS CORRESPONDENTES |
| 155/2021 | 28/04/2021 | Asunto: PERSOAMENTO PARA FACERSE CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTOS ORDINARIOS Nº 170/2020 E 97/2021. |
| 156/2021 | 30/04/2021 | Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA: REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO Y ESPACIOS ANEXOS. LUGAR TARROEIRA-TABEAIO. AYUNTAMIENTO DE CARRAL”,INCLUIDO NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA |
| 157/2021 | 30/04/2021 | Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia de subvención para o mantemento do SNL (Servizo de Normalización Lingüística) |
| 158/2021 | 30/04/2021 | Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA”; PROXECTO DE MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE BELVÍS DE PALEO-CARRAL”;INCLUIDO NA SOLICITUDE DE |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021 (POS+COMPLEMENTARIO/2021) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
- 159/2021 30/04/2021 Asunto: APROBACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA NO PROXECTO DA OBRA” PROXECTO DE MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RIO CANLE-CARRAL”;INCLUIDO NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021 (POS+COMPLEMENTARIO/2021) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
- 160/2021 04/05/2021 Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA CONTRATACIÓN DE OBRAS-MURO CONTENCIÓN E ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO EN BACELO (POS+2020)
- 161/2021 04/05/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 8/2021, ORDINARIA, 06 DE MAIO DE 2021
- 162/2021 06/05/2021 Asunto: Adjudicación del contrato de la obra NOVO SANEAMIENTO SAN VICENTE DE VIGO (FASE 1) (FINANCIADA AL 100%- 133.705,77 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 2ª E DERRADEIRA FASE) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- 163/2021 10/05/2021 Asunto:Aprobación certificación nº 1 da obra "MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA" (financiada ao 100%- 174.777,18 €- a través do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- 164/2021 10/05/2021 Asunto:Aprobación certificación nº 2 e derradeira da obra "obra "MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA" (financiada ao 100%- 174.777,18 €- a través do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
- 165/2021 10/05/2021 Asunto:Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (maio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- de 2021).
- | | | |
|----------|------------|--|
| 166/2021 | 10/05/2021 | Asunto:Aprobación/denegación da documentación xustificativa (presentada entre o 22 de xaneiro de 2021 e o 12 de marzo de 2021) das axudas concedidas na línea de axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMIENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE A CORUÑA, do Plan de Empleo Local (PEL 2020) (cofinanciada nun 80% pola DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA) |
| 167/2021 | 12/05/2021 | Asunto:Solicitud de licenza de demolición previa e licenza de edificación para vivenda unifamiliar de Don. Hector Pérez Faraldo |
| 168/2021 | 12/05/2021 | Asunto:Aprobación do gasto para a impresión, montaxe e desmontaxe de paneis das Letras Galegas. |
| 169/2021 | 12/05/2021 | Asunto:Convocatoria mesa xeral de negociación-persoal funcionario e laboral do Concello de Carral- (Proxecto de orzamento xeral do Concello para 2021 e proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello. |
| 170/2021 | 13/05/2021 | Asunto: Abono a la Entidad Pública Empresarial del Suelo (SEPES) de la cantidad de 24,89 € en concepto de liquidación de intereses en relación a demanda contenciosa-administrativa iniciada pola SEPES contra el Ayuntamiento Carral |
| 171/2021 | 13/05/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a realización da representación do contacontos O Paroleiro (Pablíssimo) a través do programa Ler Conta Moito. |
| 172/2021 | 13/05/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a realización da representación da obra teatral Ultrasónica (REDE CULTURAL). |
| 173/2021 | 19/05/2021 | Asunto:Aprobación do gasto para a realización do contacontos teatral "Rosa Caramelo" de Talía Teatro por Ler conta moito.- |
| 174/2021 | 19/05/2021 | Asunto: CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESION 9/2021, ORDINARIA, DE 20 DE MAIO DE 2021 |
| 175/2021 | 19/05/2021 | Asunto: Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (CIPAXP) sesion 4/2021 para o 24 de maio de 2021 |
| 176/2021 | 20/05/2021 | Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Emprego e Igualdade) de subvención para o SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES E SILVICULTURA ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (Código de procedemento TR351G) (DOG nº 73 do 20 de abril de 2021). |
| 177/2021 | 20/05/2021 | Asunto: Aprobación de facturas por importe de 61.261,18 € |
| 178/2021 | 21/05/2021 | Asunto: Iniciación del expediente de contratación de la obra “Mejora de la eficiencia energética del Polideportivo del |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Ceip Vicente Otero Valcárcel, Carral (A Coruña, Galicia).

179/2021 24/05/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 5/2021 ,
ORDINARIA, 27 DE MAIO DE 2021

6.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

O señor Alcalde manifesta que hai dúas mocións presentadas por rexistro municipal

6.1 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE EN "MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE ACEPTACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE CARRAL DAS SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020. PROXECTO: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TRAMO URBANO N-550. FASES 1 E 2.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdG-PSOE) presentou por escrito (rexistro de entrada 864, do 20 de maio de 2021) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideracións do Pleno a seguinte **MOCIÓN: ACEPTACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE CARRAL DAS SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020. PROXECTO: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TRAMO URBANO N-550. FASES 1 E 2.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. No mes de febreiro de 2020 o estudio de arquitectura MMASA redacta por encargo do Concello de Carral as memorias descriptivas que servirán de base para optar ás axudas dos Fondos FEDER para proxectos singulares de entidades locais para o paso unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Estas axudas servirán para a mellora da mobilidade peonil no tramo urbano de Carral N-550, unha humanización imprescindible para mellorar e anchar aceras, cumprindo así a lexislación e normativa de accesibilidade, reordenar a Praza da Capela, a rúa Víctor Velasco e o entorno do Monumentos aos Mártires, calmado de tráfico, ordenación das prazas de aparcamento en toda a travesía da N-550 na vila carralesa, en dúas fases, por un importe de:

FASE I

Inversión: 842.356,03 €

Axuda Outorgada: 656.803,49 €

FASE II

Inversión: 981.398,46 €

Axuda Outorgada: 758.118,76 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TOTAIS

INVERSIÓN TOTAL: 1.823.754,49 € AXUDA TOTAL: 1.414.922,25 €

Os custes subvencionados inclúen a execución das obras, o custe de proxectos, estudos e dirección de obra.

Os orzamentos anteriores sufrirán un axuste á baixa motivado pola redacción do proxecto que afinará medicións, a correspondente baixa de licitación das obras (de media entre un 15 a un 25 %), a diminución do ámbito de actuación ao confirmar o ministerio de Fomento a evolución positiva do expediente para a construción de dúas rotondas nos extremos de Carral para o calmado do tráfico e a mellora da seguridade vial na N-550 en Carral.

2. Procédese á redacción do PMUS, Plan de Mobilidade Urbana Sostible, requisito necesario para poder optar a estas axudas. Na actualidade o documento de planificación está rematado pendente unicamente da súa aprobación plenaria.

3. Con data 4 de xuño de 2020 presentase finalmente a petición de axuda a través do IDAE, Instituto de Diversificación y ahorro de la energía, pertencente ao Ministerio para la Transición Ecológica.

4. Con data de 28 de abril de 2021 teñen entrada no rexistro do Concello de Carral as correspondentes resolucións favorables plas que e concede as axudas a través dde fondos FEDER para ambas fases (I e II) por un importe total de 1.414.922,25 €. Esta axuda débese aceptar antes do 27 de maio de conformidade co previsto co apartado 7 do artigo 13 das bases que rixen a presente convocatoria: "El beneficiario deberá notificar al IDAE su aceptación de la resolución y las condiciones en ella impuestas, en el plazo máximo de 30 días naturales desde la recepción de la resolución".

5. En data de 4 de febreiro de 2020, a petición da Concelleira de Facenda, Intervención emite informe sobre as axudas referidas indicando:

* Que o concello de Carral ten en vigor un Plan de Axuste 2015-2022 aprobado no marco do Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febreiro, no que o anterior goberno se comprometía dende 2015 a realizar inversións só cando estas foran con aportación doutras administracións e estas sexan do 80% como mínimo. Elemento que se cumpre neste caso, as axudas son do 80 %.

* Compromiso de non concertar outros préstamos. Neste caso é necesario a concertación de financiación a curto, unha operación de tesoureira, xa que a subvención será abonada polos fondos europeos unha vez rematas e pagadas as obras, o que fai necesario unha financiación a curto, dous anos aproximadamente do importe total da inversión, ingresando unha vez rematadas as obras os importes totais procedentes dos Fondos FEDER.

* O importe da débeda viva do Concello de Carral a data do 31 de Decembro de 2020 é de 1.672.208,35 €, é diciro o 37,47 € dos gastos correntes, que coa operación proxectada ascendería ao 78,31 %, incluso inferior si temos en conta que ese importe de 1,8 millóns de euros sufrirá como xa se explicou un axuste á baixa. Inferior sempre ao 110 % que sinala o artigo 53,2 do TRLRHL.

6.- En data de 11 de febreiro de 2021, emítase novo informe de intervención, no que se indica a inexistencia de crédito para a aportación de fondos propios. Solicitada e concedida a reunión neste mes de maio co



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Presidente da Deputación de A Coruña para abordar a posible colaboración da Deputación neste proxecto, se nos indica que estaría disposta a aportar os fondos ata 300.000 € co obxectivo de que non se perda esta oportunidade e estes fondos.

7.- O calendario ipostos polas bases tamén é importante, xa que se nos dan seis meses para a redacción de proxectos e pliegos, tendo que iniciar a licitación a finais do mes de outubro, existindo tamén a posibilidade de pedir prórrogas. No momento que se inicia a licitación e cando se teñan que ter os cartos, o que se chama Retención de Crédito, data que como veos fíxase a finais de ano. Sabendo ademais que as bases permiten a renuncia ás axudas en calquera momento, e tendo preto de medio ano ata que sexa necesario a existencia do crédito necesario.

8.- As condicións actuais de financiación son inmejorables con EURIBOR en negativo.

Por todo o anterior, e para evitaa a perda destas importantes axudas que permitirán unha transformación total do núcleo urbano de Carral, humanizando e mellorando o espazo público, algo urxente e imprescindible neste pobo, nuns tempos de fonda crise económica pola pandemia que estamos a sufrir, no que máis que nunca dende tódalas administracións debemos investir para xerar traballo e axudar a unha recuperación o mais rápida posible, e olo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

1. Sexan aceptadas en tempo e forma as resolucións que con rexistro de entrada 28 de abril de 2021 comunica a concesión das axudas para as dúas fases, requisito necesario para continuar coa tramitación das axudas segundo se indica no apartado 7 do artigo 13 das bases da convocatoria.
2. Se inicie de forma inmediata a búsqueda de financiación para esta operación de préstamo a curto.
3. Se inicien a redacción dos proxectos constructivos e pliego de licitación.
4. En caso de ser necesario se procederá a revisión do Plan de Axuste 2015-2022 de cara a permitir esta importante operación de inversión.

En Carral, a 20 de maio de 2021

Pablo Couto López

Voceiro Grupo Municipal Socialista de Carral"

O señor Alcalde solicita a xustificación da urxencia da moción de ACEPTACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE CARRAL DAS SUBVENCÍONS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020. PROXECTO: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TRAMO URBANO N-550. FASES 1 E 2 presentada polo grupo municipal PsdG-PSOE.

DEBATE

O Sr. Couto, portavoz do PsdG-PSOE manifesta a retirada da moción do grupo socialista porque o obxectivo está cumprido.

Intervén o Sr. Mouriño para facer constar que el non ten constancia de que houbera moción algunha, resposta a Secretaria Accidental que as mocións están metidas por rexistro e matiza que ao non ir ningunha moción no punto da orde do día agora hai que xustificar a urxencia e posteriormente votar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

6.2 MOCION DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CARRAL SOBRE PARALIZACION DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO AEROPORTO DE ALVEDRO

O señor Bello Hermida (grupo municipal do AldG) presentou por escrito (registro de entrada 892, do 26 de maio de 2021) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Como é de todos coñecido o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” quere ampliar a instalación do Aeroporto de Alvedro. Polo que pretende novamente proceder á expropiación de diversas casas e terreos situados na contorna da actual instalación, así como estender o ámbito da pegada sonora, impedindo a construción e hipotecando o futuro de novas actuacións urbanas nos mellos casos.

O crecemento do aeroporto de Alvedro non ten sentido ningún, ó estar enclaustrado nunha zona de crecemento e expansión natural da cidade de A Coruña, como é o caso de Culleredo, Cmbre, Carral, Oleiros ó que hai que engadir os Concellos de toda a comarca e incluso parte da de Betanzos.

O Ministerio ten que planificar o servizo do espazo e servizo aéreo, centrados en Santiago de Compostela, ás posibles ampliación de rutas, tanto interiores como internacionais para dar servizo a empresas e pasaxeiros de Galicia.

Alvedro é un aeroporto que presta e debe seguir a prestar servizos nos límites que veñen impostos por unha realidade urbana.

A posta en servizo do AVE dende A Coruña a Madrid é sabido que minirá pasaxeiros ás liñas aéreas.

Na exposición do expediente efectuada polo Ministerio para a ampliación do ámbito e a pegada sonora foron centos de vecinos e veciñas que alegaron a súa oposición ás pretensións do Ministerio.

ACORDOS

Por todo o exposto propoñemos ao pleno do Concello de Carral:

1 Demandar do Ministerio a anulación do expediente de ampliación do aeroporto de Alvedro, por non ser necesaria e existir outras alternativas que non terían custo ningún, como son a instalación de Lavacolla.

2 Deixar sen efecto a ampliación da pegada sonora pretendida.

3 Que o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” deixe de hipotecar as propiedades veciñais, que dende hai anos e por falla de decisión das persoas responsables do Ministerio están a sufrir centos de propietarios de fincas, casas e solares, que dende tempo inmemorial residen nas inmediacións do actual aeroporto o que lles permite construír ou vender as súas propiedades.

4 Solicitar ó apoio do goberno da Comunidade Autónoma e o Parlamento.

5 Notificar os presentes acordos á Xunta de Galicia e “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana”.

En Carral, a 25 de maio de 2021

Asdo: Francisco Javier Bello Hermida

Voceiro do Grupo Municipal da Alternativa dos Veciños de Carral



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEBATE

Xustifica a urxencia da moción o Sr. Bello Hermida, lendo a moción, e entendendo que con elo queda xustificada dita urxencia.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a urxencia da moción, esta decae cos votos a favor o dos/as os/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, votos en contra dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e da concelleira non adscrita.

7. ROGOS E PREGUNTAS

O señor Alcalde pide aos/as señores/as Concelleiros/as que falen con orde e respectando os turnos.

5.1- Rogos e preguntas da señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita)

1.- A señora Duarte Gerpe solicita ao Sr. concelleiro de obras que volvan a pasar a desbrozadora nas carreteras porque a maleza está invadindo todo e pregunta ao concelleiro se o ten pensado facer agora no mes de maio. Manifesta a Sra. Duarte que no seu momento cando se limparon as carreteras ela felicitou ao Sr. concelleiro de obras, si ben agora volve a necesitarse dita limpeza.

2.- Manifesta, a Sra. Duarte Gerpe, con respecto ao que dixo o Sr. Couto de que está moi orgulloso de que se aprobaran as rutas ciclables e dí que ella tamén se sente moi orgullosa do Roteiro de Caral, que é único en todos os concellos, pero que está nun estado lamentable, coas sinais tiradas, indica a Sra. Duarte que é unha pena que despois de tantos anos de traballo un goberno novo o deixe abandonado todo o feito anteriormente, iso é o que sente a Sra. Florinda, manifesta que non se invertiu nada na ruta, que ela xa o advertira noutras ocasións, que é unha ruta homologada pola Federación Galega de Montañismo, indica que agora esta ruta non pasaría unha inspección e perderíamos a homologación. Indica que non se poden facer asfaltados, ten que ter unha sinalización acorde, ten que estar debidamente sinalizada e hai dous anos que non se toca nada nese roteiro. Indica que si miran, a nivel Galicia, a ruta de Carral é unha das rutas recomendadas para facela pero o estado da ruta, hoxe en día, é vergonzoso.

Intervén o Sr. Couto para indicar que o Sr. Malde acaba de entregar un proxecto e si da tempo aos empregados municipais solicitarase unha subvención do GDR e darán ata 50.000 € que serán para mellorar os roteiros de Carral, para cambiar a sinalización e para dotalas do código QR, independentemente de que a sinalización exista porque así o manda a Federación Española de Montañismo. Indica o Sr. Couto que o 3 de xuño remata o prazo para presentar a subvención no GDR é para todo do Leader.

3- A señora Duarte Gerpe indica que esas rutas xa sairon do GDR, Mariñas Betanzos naquel intre, e agora liderada polo presidente o Sr. Miramontes, retómaas para recuperalas. Resalta a Sra. Duarte que para poder seguir homologadas as rutas teñen que ter sinalización.

4.- A señora Duarte Gerpe agradece ao Sr. Couto a tramitación deste na Deputación para a recollida de pluviais nas carreteras da Deputación, rógalle ao Sr. Couto que sega pedindo recollida de pluviais nas demais estradas da Deputación e tamén que cambien as sinalizacións das carreteras da Deputación, comenta a Sra. Duarte que hai algunhas sinalizacións que están tiradas ou rotas, tamén lle roga ao Sr. Couto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que fale coa Deputación para poñer alumeadado público na carretera de As Tablas, xa que é unha carretera concurrida e non hai alumeadado.

Intervén o Sr. Couto para manifestar que a Deputación non soe poñer alumeadado público nas súas vías pero vai a intentar que o poñan nesa estrada.

5.2.- Contestacións do equipo de goberno municipal

O señor Caamaño resposta á Sra. Duarte que os desbroces nas estradas xa empezaron e estase a traballar en dúas parroquias e irase indo a todas.

5.3 Rogos e preguntas do señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP)

O Sr. Fernández Mouriño pregunta ao Alcalde ¿por qué se sube o soldo 2833 € este ano ?

5.4- Contestacións do equipo de goberno municipal

O señor Alcalde resposta ao Sr. Mouriño que lle vai a contestar a interventora.

A Sra. Interventora resposta ao Sr. Fernández Mouriño que non hai ningunha suba, que pode ser algún erro na transcripción e será corrixido, manifesta a interventora que só hai unha suba do 0,9 %.

Intervén o Sr. Mouriño para preguntar se quedará o orzamento sobre a mesa.

Resposta a Sra. Interventora que non, que só é un erro material e vaíse a corrixir.

O Sr. Alcalde intervén para preguntar se hai máis preguntas e a Sra. Ramilo pregunta ¿Cómo está o tema do camiño dos Conflictos en Tabeaio?

Intervén o Sr. Couto para dicir que hai moitos pleitos con respecto a ese camiño, indica que é un “guirigai” xudicial. Manifesta que dende o equipo de goberno se pensou que a mellor solución sería a expropiación pero iso non se levou a cabo porque hai que ter un instrumento válido que é un inventario de camiños, unha vez esté realizado dito inventario vaíse intentar levar a cabo a expropiación por interese público nese tramo.

A Sra. Ramilo comenta que ela leva vivindo alí a carón dese camiño e chamoulle a atención que cerraron o camiño e pregunta a Sra. Ramilo se hai permiso para cerrar esa pista.

Intervén o Sr. Couto para responder que non sabe se está cerrada a pista e si ten permiso para cerrala.

Pregunta a Sra. Ramilo ao Sr. Alcalde se el sabe si hai permiso para cerrar a pista.

Resposta o Sr. Alcalde que lle tería que preguntar ao técnico municipal porque el non sabe si pediu permiso. O Sr. Alcalde dí que é unha propiedade privada. Comenta, o Sr. Alcalde, que levan 30 anos para arranxar ese camiño, que o equipo de Goberno se compromete sempre e cando se poda facer unha expropiación. Indícalle á Sra. Ramilo que se pase polo Concello en horario de administración e que mirarán se ten ou non licenza de obras para cerrar ese camiño e se considera a Sra. Ramilo que o ten que denunciar, pídelle que o faga. Aconsella o Sr. Alcalde á Sra. Ramilo que presente un escrito por rexistro.

Ás **22:06** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares